



Expediente núm.: 936/2022

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Expediente relacionado: 253/2022

Asunto: Subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2022

Obra/servizo subvencionado: Tarefas de silvicultura e limpeza de montes (Peón forestal)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Antecedentes

1. No Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 21 do 01.02.2022, publícase a ORDE do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351G).
2. Con data 02.02.2022 dítase Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 0080, do tenor literal seguinte:
“(…)”

CUARTO.

*Solicitar da Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da orde referenciada e de conformidade coa contía especificada no artigo 5, unha subvención de **55.880,00 €** para a contratación temporal de traballadores desempregados co seguinte plan de financiamento:*

- *Achega da Consellería de Emprego e Igualdade..... 55.880,00 €*
- *Achega municipal do Concello do Pereiro de Aguiar 12.637,64 €*

Custo total 68.517,64 €

QUINTO.

O Concello comprométese expresamente a financiar as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola Consellería.”

3. O día 02.02.2022 é presentada correctamente no rexistro electrónico da Xunta de Galicia cos números 2022/248971 e 2022/249630 a solicitude de subvención para o fomento do emprego no medio rural 2022 (Aprol rural).
4. Con data 29.04.2022 ten entrada no rexistro xeral do Concello (núm. de rexistro 2022-E-RC-2125) a resolución do xefe territorial de Ourense da Consellería de Emprego e Igualdade, mediante a que se lle concede ao Concello unha subvención polo importe de 41.910,00 €, para a contratación de 3 traballadores/as desempregados para a realización da obra ou servizo denominado/a: “TAREFAS DE SILVICULTURA E LIMPEZA DE MONTES” Expte. Nº: TR351G 2022 / 9 – 3. Co desagregado seguinte:

Nº traballadores	Ocupación	Grupo Cotización	Modalidade Contractual	Duración	Xornada	Custo Subvencionado
3	Peón Forestal	10	Contrato temporal de interese social	9 Meses	100%	41.910,00 €





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

5. O 05.05.2022, emítase Certificación do Acordo da Xunta de Goberno Local (XGL), celebrada o 04.05.2022, en sesión ordinaria, aprobando a Convocatoria e as Bases para a selección de persoal laboral temporal, na categoría profesional de "peón forestal", ao abeiro da concesión Subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2022 (Expte. Nº: TR351G 2022 / 9 – 3).
6. O 05.05.2022 o Departamento de Persoal emite informe sobre o procedemento a seguir para levar a cabo a contratación de persoal laboral temporal para cubrir os postos de traballo na categoría profesional de "peón forestal", ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2022 (Expte. Nº: TR351G 2022 / 9 – 3).
7. O 06.05.2022 presentouse a oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte), de acordo cos criterios establecidos polo artigo 14 da ORDE do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 21 do 01 de febreiro de 2022), co obxecto de cubrir os referidos postos de traballo.
8. O 18.05.2022 o Tribunal Cualificador do proceso selectivo de persoal laboral temporal, na categoría profesional de "peón forestal", ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2022 (Expte. Nº: TR351G 2022 / 9 – 3), emite Acta definitiva co resultado da selección, do tenor literal seguinte:

"Concluída a selección de persoal coas seguintes propostas de contratación (oferta de emprego número 12-2022-4854):

Pérez Varela, Mirian

Contratación da candidata

Dopazo Fernández, Jesús

Contratación do candidato

Pérez Prieto, Jesús

Contratación do candidato

- *Quenda de reserva por orde de puntuación:*
 1. *Fernández Dopazo, Víctor*
 2. *Atanes Rodríguez, José Miguel*
 3. *Boo Babarro, Pedro Miguel*
 4. *González Quintela, Manuel*
 5. *Dos Santos de la Fuente, Daniel*
 6. *Pereira Iglesias, Rafael*
 7. *Ventosela Pombar, Jairo*
 8. *Pereira Iglesias, José Antonio*
 9. *Pérez Sandianes, José Luís*
- *Aspirantes que non superaron o proceso de selección:*
 1. *Ramos Ramos, Pedro*
 2. *Rodríguez Dopazo, José Carlos*
 3. *Vidal Grande, José Emilio*
 4. *Rodríguez Gómez, José Antonio*
 5. *Ventosela Docampo, Anselmo*
 6. *Sabiri Ait Kacem, Younes*
 7. *Días Vaz, José*

RESOLUCIONES DE ALCALDIA

Número: 2022-0388 Data: 23/05/2022



Cod. Validación: 7MPENPTAZ5SHFPGKLS62E43FS | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

- Aspirantes que non compareceron:
Álvarez González, Daniel Non se presentou
Fernández Feijoo, José Antonio Non se presentou
Rivero Rodríguez, Julia Non se presentou
Rolong Serrano, Romario Junior Non se presentou"

9. O 23.05.2022 remítese á oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte) o resultado da selección de (3) traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado/a: "tarefas de silvicultura e limpeza de montes" (peón forestal).

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o artigo 136 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Contratar para o período comprendido entre o 24 de maio de 2022 e o 23 de febreiro de 2023, para a obra / servizo "tarefas de silvicultura e limpeza de montes" (peón forestal) subvencionado en 41.910,00 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Emprego e Igualdade, na categoría profesional de "peón forestal" ós/ás traballadores/as que se detalla no cadro seguinte, e cos seguintes custos salariais:

Nome do traballador/a	DNI	Grupo de cotiz.	Retribucións brutas mensuais	% Cota patronal á S.S.	Seg. Social Concello mensual	Custo total mensual	Núm. meses	Custo total (total custo mensual x nº meses)
Dopazo Fernández, Jesús	12860	10	1.348,85	37,80%	509,87	1.858,72	9	16.728,48
Pérez Prieto, Jesús	0924	10	1.348,85	37,80%	509,87	1.858,72	9	16.728,48
Pérez Varela, Mirian	7876	10	1.348,85	37,80%	509,87	1.858,72	9	16.728,48
CUSTO TOTAL			4.046,55		1.529,61	5.576,16		50.185,44

Segundo.- Formalizar os contratos de traballo para a obra / servizo "tarefas de silvicultura e limpeza de montes" (peóns forestais) subvencionado en 41.910,00 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Emprego e Igualdade, na modalidade de contrato de traballo temporal coa cláusula específica de traballos de interese social, segundo o artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, e o artigo 15.1 da ORDE do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 21 do 01 de febreiro de 2022), en réxime de dedicación a tempo completo cunha duración de 9 meses.

Terceiro.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Quinto.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-0388 Data: 23/05/2022



Cod. Validación: 7MPENPTA2SSHEPGKLS62E43FS | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4